

Xoan Castaño gaña a proba de rastro de coello da Sociedade Urogallo

O pasado 10 de outubro no Tecor C-10.065 da Sociedade de Caza "Urogallo" de Ferrol, o Clube "Amigos dos Cans de caza" realizou a derradeira proba das distintas modalidades deportivas que o Clube fai o longo do ano. Esta foi unha proba pechada na que soamente podían participar os campións das diversas competicións de cans de rastro do ano 2009.

Finalizada ésta e después da deliberación dos xuíces, a clasificación quedou do seguinte xeito:



1º Clasificado e Campión Xoán Castaño Conde cos seus Bassets Fauve de Bretagne *Volta, Vaira, Valiña e Tina*, que acadou 570 puntos.

2º Luís Rodríguez Vaamonde cos beagles *Turín, Vela, Berta e Sarna*, con 540.

3º Julio González Souto cos seus petits bassets grifones vendeanos obtivo un total de 523 puntos.

O premio ao mellor can foi para a cadela *Valiña* de Xoán Castaño, que acadou a puntuación de 148 puntos.

Ao acto asistiu o presidente de la Federación Galega de Caza en A Coruña, Manual Saa Casariego, o presidente da Sociedade Urogallo, José Luis Niebla e outros directivos da mencionada Sociedade e do Clube "Amigos dos Cans de Caza", que foi a organizadora do acto.